



## Plan de Ensino Virtual

De acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19*, o centro elabora un plan de ensino virtual ante a COVID-19 para os casos de posible confinamento. É necesario crear un horario espello para os alumnos/as de terceiro de primaria en adiante e ten que destinar un 60% do horario á actividade lectiva e un 40% a tarefas, respectando a carga lectiva do horario habitual. O presente plan será flexible e será actualizado ante posibles dificultades.

### HORARIOS ESPELLO DE 2º E 3º CICLO:

Respectaranse o seguinte:

- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
- Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispor dos medios adecuados para realizar o servizo.
- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Para garantir a continuidade da docencia, os mestres e mestras do 2º e 3º ciclo establecen a seguinte planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado. Cada mestre/a utilizará a súa sala de reunión persoal corporativa da Xunta de Galicia e o alumnado conectarase 5 minutos antes segundo o horario da súa clase, respectando as distintas especialidades, incluíndo PT e AL. Conexión entre 27 e 30 minutos con explicacións e rolda de aclaracións. O resto da sesión traballo persoal. Si xurden dúbidas, haberá un foro na aula virtual. Este só pode ser usado polos alumnos e alumnas para aclaracións didácticas.

🕒 Titorías Familias: martes de 16:00 a 17:00 h (previa cita por abalar).

- ⌚ No caso do alumnado con problemas de conectividade polas mañás, cada titora atenderá de xeito particular cada caso, tratando de solventar a situación en coordinación coas familias.

<b>HORARIO DE CLASE 3º A</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	EF
	Traballo persoal				
<b>2ª</b>	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L. CASTELÁ	INGLÉS	CCNN
	Traballo persoal				
<b>3ª</b>	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	VALOR./REL.	CCSS
	Traballo persoal				
<b>RECREO: 11:15 a 11:45</b>					
	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>
<b>4ª</b>	CCSS	L. GALEGA	L. GALEGA	L. CASTELÁ	L. GALEGA
	Traballo persoal				
<b>5ª</b>	PLÁSTICA	CCNN	EF	CCSS	MÚSICA
	Traballo persoal				

**HORARIO DE CLASE  
3º B**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	L. CASTELÁ	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS
	Traballo persoal				
<b>2ª</b>	EF	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ
	Traballo persoal				
<b>3ª</b>	INGLÉS	VALOR./REL.	MÚSICA	PLÁSTICA	INGLÉS
	Traballo persoal				
<b>RECREO: 11:55 a 12:25</b>					
	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>
<b>4ª</b>	L. GALEGA	L. CASTELÁ	CCSS	L. GALEGA	EF
<b>5ª</b>	CCSS	CCNN	L. GALEGA	CCSS	CCNN
	Traballo persoal				

<b>HORARIO DE CLASE 4º A</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1º</b>	MATEMÁTICAS	EF	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS
	Traballo persoal				
<b>2º</b>	L. CASTELÁ	L. GALEGA	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	EF
	Traballo persoal				
<b>3º</b>	VALOR. / REL.	MATEMÁTICAS	CCSS	CCNN	L. CASTELÁ
	Traballo persoal				
<b>RECREO: 11:15 a 11:45</b>					
	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>	<b>R./Hora ler</b>
<b>4º</b>	L. GALEGA	CCNN	L. GALEGA	L. GALEGA	CCSS
	Traballo persoal				
<b>5º</b>	MÚSICA	INGLÉS	PLÁSTICA	INGLÉS	* AFONDAMENTO/ REFORZO
	Traballo persoal				

\* Este Afondamento/ Reforzo adicámolo a un "Obradoiro da Lingua Galega".

<b>HORARIO DE CLASE 4º B</b>					
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
	Traballo persoal				
<b>2ª</b>	L. GALEGA	L. CASTELÁ	EF	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ
	Traballo persoal				
<b>3ª</b>	CCNN	L. GALEGA	L. CASTELÁ	L. GALEGA	PLÁSTICA
	Traballo persoal				
<b>RECREO: 11:55 a 12:25</b>					
	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>	<b>Hora ler/R.</b>
<b>4ª</b>	INGLÉS	CCSS	INGLÉS	CCSS	INGLÉS
	Traballo persoal				
<b>5ª</b>	* AFONDAMENTO/ REFORZO	EF	CCNN	MÚSICA	VALOR./REL.
	Traballo persoal				

\* Este Afondamento/ Reforzo adicámolo a un “Obradoiro da Lingua Galega”.

**HORARIO AULA 5ªA**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	Mate	Mate	Mate	EF	Mate
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>2ª</b>	Lengua	Música	Lengua	Plástica	Mate
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>3ª</b>	Lengua	Lengua	Inglés	Naturais	EF
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>RECREO HORA DE LER</b>					
<b>4ª</b>	Inglés	Lingua	Lingua	Lingua	Lingua
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>5ª</b>	Sociais	Inglés	Sociais	Valores/ Reli	Naturais
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				

**HORARIO AULA 5ºB**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	Música	Mate	Mate	Lengua	Mate
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>2ª</b>	Matemáticas	Mate	Inglés	Lengua	Inglés
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>3ª</b>	Lingua	Lengua	Naturais	Inglés	Lengua
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>RECREO HORA DE LER</b>					
<b>4ª</b>	Naturais	EF	Lingua	Valores / Reli	Sociais
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>5ª</b>	Sociais	Lingua	Lingua	Plástica	EF
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				

**HORARIO AULA 6ª**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	Inglés	Música	Lingua	Relixión/ Valores	Lingua
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>2ª</b>	Matemáticas	Matemáticas	Lingua	Ed. Física	Matemáticas
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>3ª</b>	Ed. Física	Inglés	Matemáticas	Matemáticas	Lingua
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>RECREO HORA DE LER</b>					
<b>4ª</b>	Sociais	Naturais	Sociais	Inglés	Sociais
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>5ª</b>	Lingua	Francés	Lingua	Naturais	Plástica
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				



**HORARIO AULA 6ºB**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>1ª</b>	L.C	Inglés	Mate	Sociais	Mate
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>2ª</b>	Música	Francés	Lingua	Naturais	L.G
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>3ª</b>	L. Galega	Mate	L.C	L.C	Plástica
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>RECREO HORA DE LER</b>					
<b>4ª</b>	Mate	Naturais	E.F	Mate	Inglés
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				
<b>5ª</b>	Inglés	Sociais	Val/Reli	E.F	Sociais
	<b>TRABALLO PERSOAL</b>				

## **Metodoloxía**

A metodoloxía a levar a cabo neste sistema sería:

- Videoconferencia inicial: na plataforma da Xunta na sala persoal do mestre/a.
- Aula Virtual: carga de tarefas na materia correspondente.
- Entrega de tarefas: comprobarase a entrega dos traballos realizados.
- Horario: a idea é que os rapaces/as teñan un horario aproximado ao presencial, respectando o recreo e a hora de ler.
- CARGA LECTIVA:
  - 60% docencia virtual (sesións de 30 minutos).
  - 40% tarefas a realizar polo alumnado (sesións de 20 minutos).

## **Características das clases no ensino non presencial.**

A educación non presencial tenderá a asemellarse o máis posible a educación presencial na aula. Por este motivo, a planificación dos mestres e especialistas é fundamental. A distribución dos horarios ten como obxectivo evitar unha exposición ás pantallas abusiva nestas idades, polo que combinamos videoconferencia e traballo persoal. Non superando as 2 horas e media de conexión.

## **Preparación ante situacións de educación non presencial.**

Durante as clases presenciais, realizaranse simulacións cos grupos nos que se imparte clase para practicar supostos de educación non presencial na medida do posible durante todo o curso, tendo en conta, as distintas situación COVID que vaian xurdindo. Nestas simulacións haberá que tratar principalmente os seguintes aspectos:

- Acceso autónomo a aula virtual do centro. Inserir usuario e contrasinal e navegar dentro dos cursos nos que o alumnado se atope matriculado.
- Navegación polo curso. Tipos de contidos que poden atoparse.
- Acceso a mensaxería. Aprender a ler mensaxes e envialos. Acceso aos cursos.
- Aprender a crear un cartafol e gardar documentos dentro. O cartafol estará destinado aos traballos e documentos en educación non presencial.
- Acceso as tarefas. Visualización das tarefas e do xeito de realizar entregas así como do acceso a corrección dunha tarefa e ás cualificacións.
- Realización dunha proba. Ben de xeito telemático ou de forma escrita enviando a captura da proba en forma de entrega de tarefa.
- Copiar imaxes en libre office writer e adxuntalas coma PDF ou medios similares.

## **Seguimento do Traballo**

Seguindo a Orde do 02 de novembro de 2020, a educación non presencial **constitúe un dereito e unha obriga para o alumnado**, por este motivo debemos ter rexistrado o proceso da educación non presencial así como realizar unha avaliación de todos aqueles aspectos que se traballan na educación non presencial do mesmo xeito que se fose presencial. Para isto, temos varias formas de avaliar empregando o uso de ferramentas tecnolóxicas docentes institucionais.

Os criterios de cualificación son os reflectidos nas programacións de nivel. A disposición dos pais, nais e titores legais, no centro.

Cada titor/a e especialista levará un rexistro a través das ferramentas á nosa disposición e valorarase:

- Participación no curso.
- Asistencia ás clases.
- Autonomía na realización das tarefas cun vocabulario axeitado ao seu momento evolutivo.
- Probas, traballos e outros.
- Entrega de tarefas a tempo.

## **Instrumentos para recollida de datos**

Os instrumentos que poderemos empregar para recabar datos serán:

A AULA VIRTUAL:

- Informe de participación no curso.
- Rexistro de cualificacións nas tarefas.

A TRAVÉS DA PLATAFORMA DA XUNTA:

- Rexistro de conexións e asistencia.

A TRAVÉS DE ABALARMÓBIL:

- Rexistro de mensaxería e incidencias.
- Rexistro de confirmación de notificacións.

## **Formación do Profesorado**

Actualmente o Claustro ven de finalizar a formación en ferramentas tecnolóxicas docentes. Alén disto, actualmente detectamos 2 casos de que presentaron maior dificultade na formación nestas ferramentas. De ser o caso, dispoñemos de recursos humanos para actualizar ao profesorado neste aspecto.

## **Pasos a seguir no momento do paso á Educación Non-Presencial**

En caso de confinamento os pasos a seguir serán os seguintes:

- 🕒 Comunicación ás familias a través de Abalar móbil da situación de confinamento e da posta en marcha do plan de educación non presencial do centro.

- 🕒 Publicación na páxina web do centro da situación de confinamento e das medidas a seguir.
- 🕒 Establecemento de quendas respectando a normativa covid e o protocolo de actuación do centro publicado na web para recollida de equipos informáticos en empréstito e material impreso que consideren os mestres/as.
- 🕒 Comunicación a AMTEGA, inspección e concello das situación das familias sen conectividade a internet.
- 🕒 Establecemento do calendario de reunións de repaso e toma de contacto coa aula virtual para familias.

Neste apartado hai que salientar que no centro a aula virtual está dispoñible desde o 30 de setembro con todo o alumnado e profesorado matriculado.

### **Organización dos cursos de 1/2 EP e Educación Infantil:**

#### **DIDÁCTICA APLICADA Á FORMACIÓN NON PRESENCIAL NO PRIMEIRO CICLO:**

No noso ciclo chegamos a un consenso xeral para seguir as seguintes medidas comúns, no caso de non ser posible a formación presencial.

#### **Soportes didácticos**

- 🕒 **Aula virtual:** A pesar de non ser obrigatoria para o noso ciclo, apostamos por esta canle. Será a principal ferramenta onde planificar e levar a cabo as nosas programacións didácticas.

A aula virtual xa está implantada no segundo nivel. Cada semana, incluímos novos contidos e tarefas a realizar. Deste xeito, o alumnado ten formación previa no uso e dinámicas da plataforma. Dentro de cada unha das aulas virtuais tamén temos diferenciados os iconas para os mestres especialistas, así pois, o acceso para as familias e o alumnado facilítase bastante.

**Avaliación:** Utilizamos fichas e actividades interactivas, asignación de insignias, kahoots, envíos de tarefas e correccións e podemos realizar videoconferencias se fose preciso.

**Blog:** Foi a principal canle de comunicación co alumnado no pasado confinamento e que tamén se segue utilizando no nivel de primeiro neste curso. Ao igual que na aula virtual, periodicamente introdúcense novos contidos e establécense liñas de traballo.

- 🕒 **Snappet:** Este método pedagóxico está implantado no segundo nivel de primaria e utilízase para as materias de matemáticas e as linguas. O alumnado tamén está xa utilizándoo na aula polo menos dúas sesións semanais. Snappet posibilita traballar dende casa e/ou dende a aula.

**Avaliación:** A plataforma permite facer chegar as respostas do alumnado e correccións de xeito instantáneo.

- **Material de texto:** No primeiro ciclo contamos con libros de texto funxibles. Actualmente seguimos a programación establecida e en caso de non poder facer clase presencial, os libros levaríanse para casa e fariamos un seguimento das diferentes tarefas a realizar.

Asemade, temos unha batería de fichas adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe que tamén se incluírían xunto cos libros de texto.

#### **Comunicación e atención coas familias e alumnado.**

**Horarios de titorías:** Seguirá como ata o de agora, os martes de **16:00-17:00** de xeito telefónico, previa cita por Abalar.

**Abalar e correo:** Utilízanse para avisos, notificacións, cita para titorías...tanto a nivel grupal como individual.

**Aula virtual, blogue e Snappet:** contan con foros e un chat respectivamente onde o alumnado/familias poden comunicarse sobre as dúbidas das tarefas dentro do horario lectivo.

Con todas estas alternativas didácticas aquelas **familias que teñan dificultade de conexión** á redes, teñen garantidas as atencións educativas pertinentes.

#### **Horarios a desenvolver**

Os soportes cos que contamos fan posible que as familias organicen o traballo dos seus fillos/as no horario que mellor se adapte ás casuísticas de cada unidade familiar.

As correccións, explicacións, respostas a dúbidas... faranse dentro do horario habitual presencial de **luns a venres de 9 a 14.**

Os **martes pola tarde** ( 16-18:30), seguiría o planing establecido polo centro pero de xeito telefónico ou videoconferencia (Cisco/Webex).

#### **PROGRAMACIÓN PARA CASOS DE CORENTENA OU CONFINAMENTO TOTAL EN ED. INFANTIL:**

No ciclo de educación infantil seguirase empregando o **blog** *oschouzinosdeinfantil.blogspot.com* nos casos de corentena dunha aula ou dun peche total do centro. A través deste medio presentaránse propostas de traballo para os nenos e nenas relacionadas co proxecto que se estea a traballar no aula nese momento, con algunhas actividades voluntarias e outras de carácter obligatorio, co fin de poder facer as mestras unha avaliación o máis axeitada posible.

Os **días de publicación** das actividades son os seguintes:

Luns: 6º A e 6º B de educación infantil.

Martes: 5º A e 5º B de educación infantil.

Mércores: 4º A e 4º B de educación infantil.

Xoves: Psicomotricidade para todos os niveis.

Venres: Inglés para todos os niveis.

A comunicación e **atención ás familias** se fará a través do propio blog, de Abalar, correo electrónico, teléfono e/ ou videochamada por Cisco Webex ou outra plataforma, en función das preferencias e posibilidades de cada familia, para tratar de dar resposta as inquiredanzas e dúbidas na medida do posible. O **horario** será de 10 a 12 de luns a venres máis todos os martes de 16:00 a 17:00 h., previa solicitude por calquera destes medios de comunicación.

**A avaliación** do traballo dos nenos durante ese período farémola a través dos documentos gráficos (fotos e vídeos) enviados polas familias máis as valoracións engadidas que puntualmente nos poidan facer, tendo sempre presente que a avaliación en infantil queda suxeita ás características propias da etapa, onde se terá en conta o proceso de aprendizaxe por enriba do resultado final. En caso de que algunha familia non lle fora posible enviar fotos ou vídeos buscaránse outras vías alternativas para facer chegar eses traballiños.

## **PLAN DE ENSINO VIRTUAL EN RELACIÓN AO ANEAE DENDE O DPTO. DE ORIENTACIÓN**

De acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, o centro elabora un plan de ensino virtual ante a COVID-19 para os casos de posible confinamento. É necesario crear un horario espello para os alumnos/as de terceiro de primaria en adiante e ten que destinar un 60% do horario á actividade lectiva e un 40% a tarefas, respectando a carga lectiva do horario habitual. O presente plan será flexible e será actualizado ante posibles dificultades.

Así mesmo, séguese o recollido no Protocolo de intervención xeral do D.O. fronte ao COVID 19, aprobado no mes de setembro, nos apartados 1.2, 2.2 ,3.2 e 4.2 (axúntase).

### **🕒 PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN XERAIS**

Respectaranse o seguinte:

- As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
- Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

### **🕒 ATENCIÓN DOCENTE DIRECTA POR PARTE DAS MESTRAS DE PT/AL**

- A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado de PT e AL ao ANEAE a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc..
- O profesorado de PT e AL realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual seguindo o Programa de Intervención e Plan de traballo establecido coa titora en modalidade ordinaria e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

### **Horario:**

Para garantir a continuidade da docencia, as mestras de PT e AL establecen os seguintes criterios:

- Respectarase o horario de atención ao ANEAE levado a cabo en modalidade ordinaria
- Cada mestra utilizará a súa sala de reunión persoal corporativa da Xunta de Galicia CISCO WEBEX
- A duración da sesión virtual será entre 27 e 30 minuto

- En relación ás titorías para as familia procederáse tal como se realiza en modalidade ordinaria: previa convocatoria por parte do Equipo directivo ou titora, sendo o horario os martes de 16:00 a 17:00 h
- No caso do alumnado con problemas de conectividade cada titora atenderá de xeito particular cada caso, tratando de solventar a situación en coordinación coas familias. Esta informará ás mestras de PT e AL chegando a un consenso na modalidade de intervención cos mesmos/as (horario e plan de traballo).

## Material

- ◆ Atenderase as circunstancias individuais de cada ANEAE en relación ao material utilizado, existirán varias modalidades, sempre consensuado coa titora ou Equipo docente:
  - Envío de material de traballo vía correo ordinario en papel
  - Uso da aula virtual
  - Modalidade combinada entre ambos

## 🕒 ANTICIPACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL.

Durante as clases presenciais, realizaranse simulacións co ANEAE para practicar supostos de educación non presencial na medida do posible durante todo o curso, tendo en conta, as distintas situación COVID que vaian xurdindo. Nestas simulacións haberá que tratar principalmente os seguintes aspectos, a partires do 2º curso de Ed. Primaria.

En Ed. Infantil e 1º nivel de Ed. Primaria a mestra de AL asesorará a través de pautas en ás titoras en relación ao PELO.

En relación ao alumnado atendido especificamente pola mesma, realizará un seguimento, asesoramento e orientación ás titoras, ao alumnado e as súas familias a través de pautas de actuación concretas e realizará se é preciso, 1 ou 2 sesións vía videoconferencia co alumnado de xeito individual. Estas sesións serán consensuadas coa familia e a titora correspondente será informada en todo momento.

Adaptaranse os seguintes principios ás características e particularidades do ANEAE tanto pola mestra de PT coma AL, en estreita colaboración coas titoras:

### Aula Virtual

- Acceso autónomo a aula virtual do centro. Inserir usuario e contrasinal e navegar dentro dos cursos nos que o alumnado se atope matriculado.
- Navegación polo curso. Tipos de contidos que poden atoparse.
- Acceso a mensaxería. Aprender a ler mensaxes e envialos. Acceso aos cursos.
- Acceso as tarefas. Visualización das tarefas e do xeito de realizar entregas así como do acceso a corrección dunha tarefa e ás cualificacións.
- Aportarán material de reforzo, sempre por solicitude das titoras

Cisco Webex:

- a Acceso e saída da sesión de xeito autónomo a través do enlace enviado pola mestra

## 🕒 SEGUIMIENTO DO TRABALLO

Seguindo a Orde do 02 de novembro de 2020, a educación non presencial constitúe un dereito e unha obriga para o alumnado, por este motivo debemos ter rexistrado o proceso da educación non presencial así como realizar unha avaliación de todos aqueles aspectos que se traballan na educación non presencial do mesmo xeito que se fose presencial.

Para isto, utilizaranse diferentes formas de avaliar empregando o uso de ferramentas tecnolóxicas docentes institucionais.

Cada titor/a e especialista levará un rexistro a través das ferramentas á nosa disposición e valorarase:

- Participación no curso
- Asistencia ás clases
- Autonomía na realización das tarefas cun vocabulario axeitado ao seu momento evolutivo.
- Probas, traballos tanto de xeito oral coma escrito

Instrumentos para recollida de datos

Os instrumentos que poderemos empregar para recabar datos serán:

A AULA VIRTUAL:

- Informe de participación no curso.
- Rexistro de cualificacións nas tarefas.

A TRAVÉS DA PLATAFORMA DA XUNTA:

- Rexistro de conexións e asistencia.